

ANUNCIO

O Concello de Lalín convoca subvencións para actividades a desenvolver polas asociacións de mulleres do Concello de Lalín durante o 2010, segundo as seguintes bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 11 de marzo de 2010.

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES POLAS ASOCIACIÓNS DE MULLERES DO CONCELLO DE LALIN DURANTE O ANO 2010.

En aplicación da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Concello de Lalín procede a establecer un marco xurídico propio para o fomento de actividades privadas mediante subvencións.

Os obxectivos desta regulación son a aplicación dos principios xerais establecidos na citada lexislación e que se concretan no respecto á igualdade, publicidade, transparencia, non discriminación e obxectividade no funcionamento da Administración, así coma no cumprimento dos obxectivos de eficacia e eficiencia na utilización dos recursos públicos.

Neste contexto, a concesión destas subvencións por parte do Concello de Lalín encádrase na labor de fomento do asociacionismo de mulleres e impulso da súa participación e incorporación no ámbito político, social, económico, laboral e cultural.

1.- FINALIDADE E OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Constitúe o obxecto desta convocatoria a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades polas Asociacións de Mulleres do concello de Lalín durante o ano 2010, que contribúan á realización efectiva do principio de igualdade entre mulleres e homes.

A finalidade desta subvención é consolidar e manter a rede asociativa de mulleres do concello de Lalín, como espazo de participación social das mulleres.

Así mesmo, estas bases teñen como obxecto a regulación do procedemento de concesión de tales subvencións en réxime de concorrencia competitiva.

2.- DOTACION ORZAMENTARIA

Co obxectivo de cumprir as finalidades indicadas e de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; no Regulamento de Servizos das Corporacións Locais; na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como nas Bases de Execución do Presuposto deste Concello para o exercicio 2010, convócase esta subvención polo importe de 8.000 euros con cargo ó crédito consignado na partida orzamentaria 232.489.00.

3.- BENEFICIARIAS

3.1.- Poderán solicitar esta subvención as asociacións de mulleres sen ánimo de lucro sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar constituídas legalmente con anterioridade á aprobación destas bases.
- b) Ter o seu domicilio social no termo municipal de Lalín.
- c) Ter un ámbito de actuación territorial que non exceda do termo municipal de Lalín.
- d) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Lalín.
- e) Estar inscritas no Rexistro municipal de Asociacións.

- f) Estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no seu caso.
- g) Ter entre os seus fins estatutarios a promoción da igualdade de oportunidades ou a defensa dos dereitos e intereses das mulleres.

3.2.- En calquera caso, non poderán ter a condición de beneficiarias aquelas asociacións de mulleres nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

4.- ACTIVIDADES OBXECTO DE SUBVENCIÓN

Son gastos subvencionables con carácter preferente nesta convocatoria os gastos correntes, excluídos os gastos en investimentos ou restantes de capital, derivados daquelas actividades que contemplan entre os seus obxectivos:

- a promoción e a participación das mulleres en tódolos ámbitos da vida social e cultural
- a promoción da educación para a igualdade e a eliminación dos estereotipos sexistas
- a sensibilización e a concienciación sobre a violencia de xénero
- a promoción da saúde e da calidade de vida das mulleres
- a mellora da autoestima das mulleres a través do desenvolvemento persoal e a adquisición de habilidades sociais
- a promoción da información e a análise sobre temas de interese da realidade social que favorezan a participación e a información das mulleres en diferentes áreas e cuxo tratamento se realice desde unha perspectiva de xénero.

En ningún caso poderán ser obxecto de subvención na presente convocatoria os gastos subvencionados ou financiados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias ou convenios do Concello de Lalín.

5.- NORMAS DE OUTORGAMENTO

A subvención outorgarase baixo os principios de publicidade, concorrência e obxectividade, terá carácter voluntario e eventual e non será invocable como precedente.

A determinación da cuantía individualizada de cada subvención resultara da puntuación obtida tras a aplicación dos criterios establecidos na base 8 e do número de solicitudes. En todo caso non superará o límite máximo de 400 euros por asociación.

En ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrência con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada. A tal efecto as solicitantes deberán declarar tódalas axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo obxecto, no momento da solicitude ou en calquera outro da vixencia do expediente en que se produza.

6.- SOLICITUDES

As solicitudes e demais documentación formularanse nos modelos normalizados que se facilitarán no Rexistro Xeral do Concello e no Centro de Información as Mulleres, no prazo de 30 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa da actividade, con especificación da data e lugar de celebración, obxectivos e, no seu caso, número de beneficiarias.
- b) Orzamento detallado no que se contemple o importe do coste da actividade con expresión do financiamento previsto.
- c) Importe solicitado en concepto de axuda ou subvención así como certificado relativo ás subvencións solicitadas e concedidas polo Concello de Lalín e por outros entes públicos ou privados.
- d) Fotocopia do NIF da asociación.
- e) Fotocopia do DNI do representante legal da asociación.
- f) Estatutos polos que se rexe a asociación, xunto coa fotocopia dos documentos que acrediten a inscrición en rexistros públicos, así coma copia da acta de constitución cos cargos da actual xunta directiva.
- g) Certificación dos datos bancarios da solicitante.
- h) Declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, debendo acreditarse documentalmente antes da proposta de resolución .
- i) Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias a que se refire o art. 13 da Lei Xeral de Subvencións e que imposibilita obte-la condición de beneficiario de subvencións.

A documentación que se entregue fotocopiada deberá ser compulsada e calquera defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación terá que ser emendado no prazo de dez días dende o seu requirimento.

7.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

A instrución do procedemento corresponderalle á asesora xurídica do Centro de Información ás Mulleres, e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, comprendendo as actividades descritas no artigo 24 da Lei 38/2003.

No expediente de concesión das subvencións deberá figurar o informe do órgano instrutor no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren os requisitos esixidos.

Constituirase unha Comisión Avaliadora que estará composta por:

- O Concelleiro delegado de Facenda.
- A Concelleira delegada de Muller.
- A directora do Centro de Información ás Mulleres ou persoa na que delegue.
- A/o técnica/o da Oficina de Igualdade ou persoa na que delegue.
- O Secretario da Corporación, que actuará ó mesmo tempo coma secretario da comisión avaliadora, ou técnico/a do seu departamento no que delegue.

A Comisión Avaliadora elevará a proposta de concesión ao órgano concedente a través do órgano instrutor.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, formulará proposta de resolución definitiva, debidamente motivada, que se lles notificará ás interesadas mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello. A proposta de resolución definitiva deberá expresar:

- Relación de solicitantes ás que se propón concede-la subvención con especificación da contía de subvención proposta para cada unha delas.
- Especificación dos criterios seguidos, xunto coa súa avaliación.

8.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

A concesión da subvención determinarase en función dos seguintes criterios:

- Adecuación da actividade aos fins da asociación: ata 25 puntos.
- Solvencia, traxectoria e proxección da entidade solicitante: ata 20 puntos
- Número de socias da asociación: ata 15 puntos.
- Orzamento total e aportación económica da entidade solicitante: ata 10 puntos.

9.- RESOLUCIÓN.

A Xunta de Goberno Local resolverá o expediente de concesión de subvencións, previo informe de Intervención. Na tramitación do expediente estarase ó disposto na Base 25 das de execución do Presuposto municipal vixente.

O prazo máximo para resolver e notifica-la resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses dende a publicación da convocatoria. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitima ás interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

O acordo de concesión será publicado no Taboleiro de Anuncios do Concello.

10.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS

As beneficiarias, unha vez aceptada a subvención, están obrigadas a:

- 1.- Realiza-la actividade que fundamentou a súa concesión.
- 2.- Destina-la subvención obtida á finalidade para a que foi concedida.
- 3.-Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados.
- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación do Concello ou, no seu caso, do órgano de control competente, facilitando canta información sexa requirida ó efecto.
- 5.- Acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución, que está ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. A estes efectos, o solicitante da subvención poderá asina-lo documento polo que autoriza ó Concello de Lalín a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria os datos relativos ó cumprimento das súas obrigas tributarias para comproba-lo cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e mante-la subvención.
- 6.- Da-la axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades subvencionadas, facendo constar na totalidade da publicidade que se realice por calquera medio (impreso ou non) que conta coa subvención do Concello de Lalín, tendo que figurar en todo documento impreso o escudo oficial.

11.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

As actividades subvencionadas deberán realizarse durante o exercicio 2010.

Con carácter xeral, o pagamento realizarase logo da xustificación da efectiva realización da actividade mediante a presentación no Rexistro Xeral do Concello de Lalín da seguinte documentación:

-Certificación do órgano competente da asociación, que acredite a realización da actividade subvencionada e as subvencións obtidas doutros organismos ou entidades para a mesma finalidade.

-Facturas orixinais ou copias compulsadas relativas aos gastos realizados polos conceptos incluídos na solicitude e polo importe sinalado na notificación da concesión.

As facturas deberán reunir os seguintes requisitos:

- A asociación aparecerá como destinataria das mesmas
- Número de factura
- Lugar e data de emisión
- Nome e apelidos ou denominación social e NIF do/a provedor/a e da asociación destinataria.

-Memoria xustificativa da actividade na que se detalle a data da realización da actividade , o provedor ,as beneficiarias e os obxectivos alcanzados.

Cando o importe da subvención concedida sexa inferior ao importe solicitado, o importe a xustificar reducirase na mesma porcentaxe en que se teña reducido aquela.

Non obstante e excepcionalmente, se a Xunta de Goberno Local o considera oportuno, poderase acordar, motivadamente, o pagamento anticipado da subvención, debendo achegarse no prazo máximo de 3 meses os documentos xustificativos do gasto realizado.

Previamente ao pago da subvención comprobarase que a perceptora se atopa ó corrente das obrigas tributarias con este Concello.

O prazo de presentación da xustificación rematará o 30 de novembro de 2010.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo máximo de dez días para a súa corrección e, de non cumprirse este requisito dentro do prazo sinalado e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos correctamente xustificados, aplicando o coeficiente de financiamento.

12.- REINTEGRO.

Son causas de reintegro da subvención, xunto cos intereses de demora correspondentes dende o momento do seu pago, as establecidas no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións

13.- RESPONSABILIDADES E RÉXIME SANCIONADOR.

As beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei Xeral Presupostaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.

Para os supostos non previstos nas presentes bases serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Presuposto do Concello de Lalín para o exercicio 2010 e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Lalín, 25 de marzo de 2010.

O Alcalde

Asdo.:D. José Crespo Iglesias